

# YOUR NAME

[Makoto Shinkai, 2016]

# 221

ESTREA EN NUMAX: 14.04.2017 | V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

*Kimi no na wa* (2016, 106')

**Dirección:** Makoto Shinkai

**Guión:** Makoto Shinkai

**Voces:** Ryûnosuke Kamiki, Mone Kamishiraishi, Ryô Narita, Aoi Yuki, Nobunaga Shimazaki, Kaito Ishikawa, Kanon Tani, Masaki Terasoma, Sayaka Ohara

**Son:** Yô Yamada

**Música:** RADWIMPS

**Animación:** Masashi Andô

**Vestuario:** Tiina Kaukanen

**Montaxe:** Makoto Shinkai

**Dirección de arte:** Makoto Shinkai

**Produtora:** CoMix Wave Films (Xapón)

**Distribuidora:** Selecta Visión

**Formato de proxección:** DCP 2K, 1.85:1

**Idioma orixinal:** Xapónés

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*El jardín de las palabras*, 2014

*Viaje a Agartha*, 2011

*5 centímetros por segundo*, 2007

*El lugar que nos prometimos*, 2004

*Voces de un estrella*, 2002

*Ella y su gato*, 1999 [curtametraxe]

*Other Words*, 1999 [curtametraxe]

## SINOPSE

Pasou un mes desde que un cometa que visita a Terra cada mil anos fora avistado desde Xapón. Mitsuha é unha estudante que se lamenta da súa vida no campo. Pola súa banda, Taki vive en Tokio, ten un traballo a tempo parcial nun restaurante italiano e precisa alonxarse da súa familia. Cal é o segredo que se agocha tras os sonhos de dúas persoas que non se coñecen de nada pero parecen buscarse desesperadamente?

«É A viaxe de Chihiro desta década»

EMPIRE MAGAZINE

## PREMIOS E FESTIVAIS

Sitges 2016 (mellor filme de animación), Mainichi 2017 (mellor filme de animación), Donostia 2016 (sección oficial), Tokyo Anime Award 2017 (mellor dirección), Premios da Academia Xaponesa 2017 (mellor música, mellor guión, premio ao filme máis popular), Annie 2017 (nomeado a mellor filme), Londres 2016 (sección oficial)





## “O terremoto de 2011 cambiou a sociedade xaponesa e iso está presente en *Your Name*”

Entrevista con Makoto Shinkai  
Por Michael Leader

**Your Name toca moitos paus — crecemento, romance, ciencia ficción, desastres naturais—, cal foi o punto de partida creativo do filme?** Quería facer un filme de *rapaz coñece rapaza*, mais non quería que sucedese ao comezo do filme senón ao remate. A atención do público ten que centrarse neste mozo e nesta moza, e a nosa idea é que rematen queréndoos. Os elementos fantásticos ou de ciencia ficción están para fortalecer esas emocións.

**Moitos dos teus filmes teñen esta mestura de historias emocionais e conceptuais. En que te inspiras para crear os teus guiños?** A miñas primeiras influencias foron os autores xaponeses contemporáneos como Haruki Murakami, porque describen a vida cotiá e aceptan a vida tal e como é. Así que quería facer algo así pero na animación. Levo facéndoo uns dez anos e creo que o acabado agora é máis profesional. Hoxe en día xa non penso en termos

de influencias, só pescudo nas miñas motivacións e emoción.

**Estas motivacións mudaron nestes dez anos?** A miña motivación cambia dun filme a outro. Cambio eu mais tamén cambia a sociedade, co cal as motivacións son específicas. O terremoto de 2011 cambiou a sociedade xaponesa e a miña percepción do mundo e iso está presente en *Your Name*. Hai unha liña do filme na que se di «non sabes que será de Tokyo mañá», e coído que en Xapón somos conscientes diso. Pode suceder e sucedeu. Podes perdelo todo nun instante.

Así que creei unha historia de recuperación. Non podes mudar o pasado na vida real pero nun filme si. *Your Name* foi comparada con *Shin Godzilla* (Hideaki Anno & Shinji Higuchi, 2016) porque trata da central nuclear de Fukushima. Pasaron cinco anos desde entón e creo que moitos creadores finalmente deron coa maneira de tratar co desastre. Fanse libros, filmes ou o que sexa sobre o tema.

**Se Haruki Murakami te influenciou como narrador, quen te influenciou como animador?** Na industria xaponesa de animación hai un gran modelo que é Hayao Miyazaki. É alguén a quen mirar, un creador cun estilo propio totalmente orixinal. É un xenio, pero... eu non podo ser Miyazaki, só podería aspirar a ser un imitador del e ese non é o meu obxectivo.

**É curioso porque na prensa internacional téñente definido**

**como «o novo Miyazaki». En Xapón tamén hai unha certa busca do novo Miyazaki?** En Xapón non se emprega ese termo. Só quen non adoita ver cinema de animación tende a empregalo. É inevitábel pois é o autor máis famoso. Miyazaki e o seu equipo crearon un sistema completo e fundaron a animación xaponesa contemporánea. É imposíbel non ser influenciado por ela. Vin *El castillo en el cielo* (1986) no instituto. Foi o primeiro filme que paguei para ver do meu peto, e foi marabilloso. Non había nada parecido. Non é que eu queira facer cinema coma el, pero si me gustaría acadar a súa capacidade para emocionar a tanta xente.

**Porén o punto de vista dos filmes de Miyazaki adoita ser paternalista mentres que no teu caso se sitúa ao mesmo nivel que os teus mozos protagonistas.** Si, é como un pai, un mestre. El fala de ética e ten unha idea de como debера vivir a xente. É unha figura autoritaria dalgunha maneira. Non sei se é unha cuestión xeracional ou persoal mais eu non me sinto quen de dicirlle aos adolescentes o que deben facer, como que teñen que vivir as súas vidas. Porque lembro as miñas emocións cando eu tiña esa idade —os erros, o emocionante que resultaba falar cunha rapaza— e non mudaron moito até hoxe en día. Por iso penso que as nosas mensaxes son bastante diferentes.

Publicado en <http://lwlies.com/>  
Tradución: Xan Gómez Viñas

### NA LIBRARÍA NUMAX

*El elefante desaparece*,  
Haruki Murakami. Tusquets, 2016

*La caza el carnero salvaje*,  
Haruki Murakami. Tusquets, 2016

*El viento se levanta*, Hayao Miyazaki.  
Vertigo [DVD&Bluray]

*Ponyo en el acantilado*, Hayao Miyazaki.  
Ghibli [DVD]

*Porco Rosso*, Hayao Miyazaki.  
Ghibli [DVD]

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

